



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 7 DE ABRIL DE 2011

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde,

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO

Concelleiro

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro

D. JOSÉ VICENTE VICENTE

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ,

Concelleira

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE

Primeira Tenente de Alcalde

D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO

Concelleiro.

NON ADSCRITOS

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS
Concelleiro non adscrito

FALTAN:

DNA. ISABEL RUÍZ FERRO
Concelleira do BNG
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ
Concelleiro non adscrito

SECRETARIA

DONA MARTA CAJIDE BARBEITO

Na Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas do día sete de abril de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a secretaria.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA.

1º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS PLENARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 3 DE FEBREIRO E 3 DE MARZO DE 2011.
2º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS DE DATA 29-03-11, RELATIVO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE RECADACIÓN EXECUTIVA COA XUNTA DE GALICIA.
3º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS DE DATA 29-03-11, RELATIVO AO PLAN DE INVESTIMENTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2009-2011; CONSONTE Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE DATA 29-03-11.
4º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL DE DATA 28-03-11, RELATIVO Á APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL XERAL DE PROCEDIMENTO PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DA ESTRADA E ANEXOS I, II E III.
5º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, RELATIVO Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE PROMOVIDO POR “NOVA 2006, PROMOCIÓN E CONSTRUCCIÓN, S.L.”, PARA CONQUERIR A ALIÑACIÓN DEFINITIVA DA 1ª TRAVESÍA FERNANDO CONDE, DEFININDO ASÍ A ORDENACIÓN DA MAZÁ PECHADA FORMADA POLAS RÚAS BAIUCA, VARELA BUXÁ E 1ª TRAVESÍA FERNANDO CONDE (DOCUMENTO REFUNDIDO VISADO O 20-01-10).
6º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, RELATIVO Á DACIÓN DE CONTA DA COMUNICACIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO, POLA QUE DEVOLVEU O DOCUMENTO DO PXOM APROBADO EN SESIÓN PLENARIA DO 03-02-11, ESIXINDO A SÚA ADAPTACIÓN ÁS

	DETERMINACIÓNS DA LEI 2/2010, DO 25 DE MARZO, DE MEDIDAS URXENTES DE MODIFICACIÓ DA LEI 9/2002, DO 30 DE DECEMBRO; A REMISIÓ DO DOCUMENTO CORRIXIDO COA PROPOSTA DE MEMORIA AMBIENTAL; A APROBACIÓ PROVISIONAL DO MESMO; E, A REMISIÓ DESE DOCUMENTO CO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO COMPLETO (INCLUÍ DO A TRAMITACIÓ AMBIENTAL); E DACIÓ DE CONTA DA CONTESTACIÓ DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA Á DEVANDITA COMUNICACIÓ ASÍ COMO DA DISPOSICIÓ Á INTERPOSICIÓ DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA A MESMA.
--	--

B) PARTE DE XESTIÓ E CONTROL.

7º.-	DACIÓ DE CONTAS DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO MES DE FEBREIRO DE 2011.
8º.-	ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.- APROBACIÓ, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS PLENARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 3 DE FEBREIRO E 3 DE MARZO DE 2011.

Conformes todos os Concelleiros/as coa redacciÓ das actas, así como co seu contido, aprÓbanse por unanimidade as actas da sesiÓns do 3 de febreiro e 3 de marzo de 2011. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcriciÓ ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- APROBACIÓ, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓ INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS DE DATA 29-03-11, RELATIVO AO CONVENIO DE COLABORACIÓ EN MATERIA DE RECADACIÓ EXECUTIVA COA XUNTA DE GALICIA. Pola secretaria, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas celebrada en data 29 de marzo de 2011 que transcrito literalmente di:

“2º. Convenio de colaboración en materia de recadaciÓ executiva coa Xunta de Galicia.- A señora Ruíz Ferro expón a necesidade de obter o apoio da administración autonómica para mellorar a eficacia da xestiÓ recadatoria municipal, con competencias limitadas por razón de territorio. A este respecto, a Consellería de Facenda remitiu, a instancias do concello, o modelo de convenio de colaboración integrado no expediente que se presenta, xunto cos oportunos informes de Tesourería e de Secretaría e a conformidade da Intervención municipal.

No curso do debate, aclarouse o alcance e condicionamentos desta colaboración, que permitirá incrementar os ingresos municipais naqueles tributos cuxa recadaciÓ en período executivo o concello encomende ao órgano competente da Comunidade Autónoma. Finalmente, a presidenta dá lectura á súa proposta, atendendo ao establecido nos artigos 55.d) e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Sometido o asunto a votaciÓ, ditamínase favorablemente por unanimidade, e elévase ao Pleno a seguinte
PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro. AprÓbase o convenio anexo ó presente acordo de colaboración en materia de recadaciÓ executiva coa Xunta de Galicia.

Segundo. Facúltase á Alcaldía para a firma do convenio co representante de administración da Xunta de Galicia.

Terceiro. Ordenase aos servizos municipais competentes que adopten os mecanismos para levar a puro e debido efecto as cláusulas do convenio unha vez se formalice.

Cuarto. Ordenase aos servizos administrativos a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.”

Sometido o asunto a votación, resulta aprobado por unanimidade.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS DE DATA 29-03-11, RELATIVO AO PLAN DE INVESTIMENTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2009-2011; CONSONTE Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE DATA 29-03-11. Pola secretaria, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas celebrada en data 29 de marzo de 2011 que transcrito literalmente di:

FÓRA DA ORDE DO DÍA: A presidenta solicita a declaración de urxencia para tratar sobre o Plan de Investimentos da Deputación Provincial de Pontevedra, 2009-2011 consonte á moción do grupo municipal do B.N.G. de data 29-03-2011 comprensiva dunha serie de acordos con base na seguinte

“ EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Deputación provincial de Pontevedra aprobou o “Plan de Investimentos da Deputación Provincial de Pontevedra 2009-2011” regulado polas Bases publicadas no BOP nº 157 de 17 de agosto de 2009 ao abeiro das que por Resolución Presidencial de data 24 de agosto de 2009 (RXE nº 11.904 de 02-09-2009) se comunicou ao Concello da Estrada que de conformidade coa Base quinta lle concederon 1.676.047,71€ para a realización de investimentos propostas polo Concello da Estrada. A Xunta de Goberno Local do Concello da Estrada aprobou a inclusión de dez proxectos (Adquisición Barredora, Mellora do Graderío da Baiuca, Recuperación Pistas Atletismo, Muro de peche da Baiuca, Pavimentación e acceso aos núcleos de Loimil e outros, Soterramento contedores Praza do Mercado, Paseo adestramento zona deportiva, Pavimentación e acceso aos núcleos de Calobre e outros, Mellora de accesos e contorno Pazo de Oca, e Pavimentación e acceso aos núcleos de Cereixo e outros) polo importe exacto dos fondos adjudicados, isto é 1.676.047,71€.

A Deputación provincial encargada da adjudicación dos contratos para a execución dos proxectos, consonte ás Bases, demorou de xeito inxustifico a contratación dos proxectos de xeito que un número importante dos mesmos (tres dos cinco da anualidade 2009, por exemplo) están aínda se adjudicar e as obras evidentemente sen facer pese á urxencia das actuacións (graderío e muro do estadio municipal da Baiuca, por exemplo).

Como resultado dos procedementos para a adjudicación das obras que están realizadas e das pendentes de adjudicación producíronse xa importantes baixas económicas ás que se sumarán as das contratacións pendentes de realizar e que estimamos en total superarán os 300.000€ aínda descontando o 2% do incremento do IVE que se produciu en 2010.”

A urxencia declárase cos votos da maioría absoluta do número legal de membros da comisión.

Examinado nun breve debate o contido da moción, pásase a votar os acordos promovidos, resultando catro votos a favor (B.N.G e P.S.de G.-P.S.O.E.), e as abstencións do voceiro do P.P. e do concelleiro non adscrito, polo que o ditame para elevar ao Pleno comprende a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

- 1. Reclamar da Deputación Provincial de Pontevedra a inmediata realización dos procedementos para a adjudicación dos proxectos presentados polo Concello da*

Estrada ao abeiro do “Plan de Investimentos da Deputación Provincial de Pontevedra 2009-2011” que faltan por adxudicar.

2. *Reclamar da Deputación Provincial de Pontevedra a posta a disposición do Concello da Estrada dos fondos adxudicados ao noso concello procedentes das baixas, co obxecto de realizar novos proxectos, previamente aprobados polo concello, ata esgotar o total de 1.676.047,71 euros que nos foi concedido.*
3. *Trasladar este acordo á Excma. Deputación Provincial de Pontevedra.”*

INTERVENCIONS:

Sra. López Doce do BNG.- Esta moción que xa foi ditaminada na comisión informativa e da que acaba de dar conta a Secretaria Xeral do Concello, vén a Pleno por unha cuestión, estes acordos podían ser validamente adoptados no seo da Xunta de Goberno pero consideramos necesario que o grupo municipal e os edís do Partido Popular que é o partido que goberna a Deputación, se pronuncien a favor ou en contra neste pleno corporativo, porque tamén son representantes dos veciños da Estrada e lles corresponde neste foro defender os intereses dos estradenses, se ben evidentemente como entendan que o fan mellor.

O Plan Plurianual de Investimentos da Deputación, asignoulle ao Concello da Estrada 1.676.047,71 euros, como di o corpo da moción, a exposición de motivos, no Concello presentamos dez proxectos asignados por anualidades. No exercicio 2009 correspondían a maior parte dos fondos do plan, 857.000 euros, no 2010, 435.000 e no 2011, 383.000 euros. Resulta tamén paradoxal que a anualidade de maior importe e na que metemos as actuacións máis urxentes como aquelas nas estruturas deportivas nas que hai incluso riscos como é a grada da Baiuca ou o peche perimetral do estadio municipal que en certos sitios está tombado e corre risco de derrube, nós confiando na boa fe da Deputación Provincial, introducimos na primeira anualidade os proxectos que eran máis urxentes e por iso tamén propoñemos nesta moción que se inste á Deputación a non seguir demorando a contratación deses proxectos que eran necesarios, importantes e urxentes. Estamos co ano bastante avanzado; estamos en abril, creo que xa todos somos conscientes da data. Hoxe mesmo publicaba a prensa a adxudicación definitiva dun dos proxectos, o de Pavimentación e Acceso a Cereixo e Outros que é da anualidade 2011, cunha baixa de 77.000 euros que se suma á de 80.000 euros de pavimentación e acceso de Loimil e outros e as outras baixas. Nós temos feita unha estimación segundo a cal a Deputación vai aforrar na adxudicación de proxectos na Estrada, máis de 300.000 euros, máis ou menos o equivalente á anualidade 2011 do Plan. Entendemos que se hai unha moción, e témola, está incorporada e citada no corpo da moción no que á Estrada lle corresponden 1.676.047,71 euros, ese diñeiro ten que ser asignado ao Concello da Estrada e aínda máis nun momento de dificultade económica; todos somos conscientes da situación de crise e tamén no ámbito municipal e é unha cuestión de xustiza co Concello da Estrada que ese diñeiro se reasigne ao noso concello e poidamos volver a formular propostas de proxectos polo importe que non gaste a Deputación. Entón agardamos un cambio no sentido do voto do Partido Popular e do edil non adscrito presente neste Pleno e que este sexa un acordo unánime de todos os membros da corporación na defensa dos intereses da Estrada.

Sr. Alcalde.- Ten vostede a palabra.

Sr. López Campos do PP.- De forma breve tendo en conta a invitación que nos fai a concelleira neste aspecto, home, resulta certamente sospeitoso que queira darse o gusto de deixarnos participar neste tipo de decisións e que non se dea o gusto de deixarnos facelo noutras moitas que toma a Xunta de Goberno Local e que tamén

afectan á maioría dos veciños, eu creo que iso responde a un uso partidista das administracións ou dos organismos dunha administración e me parece que deixa ben ás claras cal é a interpretación que teñen algúns partidos de como deben funcionar as administracións e sobre todo o Pleno do Concello e ademais non é novidoso porque nós xa denunciámos en diferentes ocasións ese interese de baleirar de contido os plenos municipais sen incorporar practicamente nin un só asunto á orde do día e agora acordáselle aos partidos que sustentan o goberno en un tema como este darlle participación tamén á oposición, é un gran exercicio de cinismo político pola súa parte. Pero por outra parte aínda que pense vostede que con este exercicio de cinismo político vai vostede atopar unha resposta que ao mellor lle dea algún tipo de carnaza política, pois está vostede equivocada, é evidente que nós sempre defendemos o interese da Estrada por encima de calquera outro, sempre traballamos polo ben dos proxectos que son fundamentais para a Estrada e evidentemente tamén estamos de acordo en que a Deputación invista todo o que poida investir e máis e dende logo que se poidan levar a cabo proxectos que sexan importantes para todos, esa xa é fariña doutro costal, eu creo que a elección destes proxectos que van con cargo ao Plan da Deputación ao igual que pasou co Plan FEIL ou Plan E son tremendamente criticables. A urxencia ou necesidade dunha varredora ou duns contedores soterrados nunha zona ademais concreta do casco urbano da Estrada, pois non sei se neste momento son o que A Estrada precisa ou falamos por exemplo da famosa pista de atletismo e das obras que se plantexan.

O que está claro é que hai algún aspecto curioso e parte da culpa a teñen vostedes o Goberno, porque é curioso que no Plan E falando de unha cantidade importante, o 100% das obras son polo sistema negociado de contratación, polo tanto se adxudican a tres empresas e que casualidade que na gran maioría das tres empresas licitadas dúas declinan presentar oferta e só a presenta unha, nestes tempos un tema tremendamente curioso e é bo analizar os expedientes para ver como se repiten sempre as mesmas tres empresas e dúas declinan ir e se lles vai adxudicando de forma rotatoria, no sistema da Deputación estableceron un sistema ao revés. Decidiron que a Deputación non puidese establecer un sistema negociado e foron a un concurso público e cando vostedes adxudican os proxectos mediante concurso público, saben que hai unhas baixas que se producen e saben que as bases da Deputación recollen que é o que se vai facer coas baixas e que é o que pasa cos contratos en vigor sobre os reformados e modificados, creo que está perfectamente claro nas bases e vostedes debíanos de coñecer. Independentemente diso, todos os cartos que veñan para A Estrada son poucos, o Partido Popular está de acordo e polo tanto votará a favor desta moción.

Sr. Reboredo Baños dos Non Adscritos.- *Boas tardes a todos, ben, eu tamén vou estar a favor evidentemente de esixirle á Deputación a través deste Pleno que acometa as súas obras e que todos os recursos que foron destinados á Estrada se reinvestan no noso Concello. Pero tamén é curioso e quero incidir aí porque teño que facelo evidentemente, é curioso porque simplemente a través dunha regra de tres, observamos que vostedes recibiron do Plan E, 3.500.000 euros e a Deputación 1.600.000 euros, a Deputación logra uns aforros para reinvestir de 300.000 euros ca cal a través dunha regra de tres se vostedes houbesen mirado polos intereses dos veciños da Estrada, houbesen conseguido unha baixa de 600.000 euros que tamén sería lóxico que se foran asignados eses fondos na súa totalidade á Estrada, se houbese baixas tamén se houbesen reinvestido na Estrada e iso é o que ten que saber a cidadanía, que vostedes teñen dúas varas de medir, é dicir, piden por un lado a alguén, e despois vostedes fan todo o contrario e iso é o que ten que quedar claro, se vostedes houberan aplicado o mesmo procedemento que aplicou a Deputación, na Estrada hoxe a través do Plan E, se houberan investido 600.000, en obra produto desas baixas e iso é o que vostedes teñen que explicarlles aos veciños, polo tanto vou*

votar a favor.

Sr. López Doce do BNG.- Ben, eu agradezo o cambio de posición tanto do Partido Popular como do edil non adscrito pero dado o teor das súas afirmacións teño que facer algunhas puntualizacións. En primeiro lugar o señor López Campos, creo que sabe, todos somos conscientes de que nos últimos anos houbo unha serie de cambios na lexislación, en concreto, a Lei para a modernización da administración local que cambiaron os Secretarios municipais e estes teñen evidentemente válido e así ten que ser por lei, que os asuntos os ten que resolver o órgano competente, entón antes había temas que eran competencia do leno e viñan a Pleno e agora son asunto da Xunta de Goberno, son competencia da alcaldía delegada a Xunta de Goberno e non veñen a Pleno. Esta é unha posición da Corporación da Estrada non do Goberno municipal, isto é o que se busca con esta moción, tamén resulta curioso que veña vostede agora a criticar cando este tema veu a comisión informativa, tiveron tempo para velo e critique que as cousas non se leven a comisión cando vostede e o seu grupo se teñen levantado de comisións informativas ou é que non se lembra no ano 2008 do debate das bases de subvencións de deportes, porque se levantou, ben quero dicir que para falar de cínicos hai que ter un pouco de memoria e sobre todo do vivido persoalmente; hai que ter un pouco de memoria, paréceme inxustificable que non o recorde.

En canto á elección dos proxectos, vostede señor López Campos se tiña outras propostas, maneira tiña de presentalas, pero non presentou nin unha soa moción, nin un só escrito por Rexistro de Entrada en positivo de proxectos nin para o plan de investimentos da Deputación, nin para o Plan de Fondos Estatal, nin para os orzamentos municipais a diferenza do Señor Reboredo que si que ten feitas propostas para os orzamentos municipais nos investimentos e tivo moitos momentos para facelo. Entón criticar a toro pasado a parte de que evidentemente as actuacións que se incluíron eran necesarias e mellorar a calidade urbana dunha vila na que a xestión urbanística do seu partido a fai invivible pois paréceme que está bastante xustificada. En canto ao procedemento poderíamos falar moito, aquí o que se emprega é o que di a lei e nos expedientes que vostede cita que supoño que os analizaría, ten os informes técnicos e xurídicos que lle din se o procedemento foi ou non correcto.

A min chámame moito a atención que veñan a poñer de exemplo o sistema tan transparente que escolleu o seu benquerido señor Louzán, fala vostede do uso político deste tema, nós intentamos xestionar isto pola vía da negociación e o señor Louzán non se puxo ao teléfono despois da insistencia, despois de insistir puxéronme co xefe do gabinete non co Sr. Louzán e isto ven ao Pleno e é unha moción política porque o señor Louzán se negou a falar. E fun directamente informada porque ademais mirei as bases antes evidentemente e non figura ningún procedemento para a readxudicación do diñeiro das baixas; iso non figura, escolleron un sistema que lles parece tan bo que fai que un proxecto de 300.000 euros teña unha baixa de 88.000 €, un proxecto de pavimentación de vías e a adxudicataria é un gabinete técnico que ten que facer unha subcontrata. Parécelles a vostedes isto unha boa xestión?, veremos a calidade das obras que evidentemente terá que ser a que sexa porque senón o Concello non as vai recibir, iso é obvio, pero cando se fai un proxecto e se fai un orzamento, non se fai un orzamento inflado. Emprégase unha táboa de prezos no que cada técnico da xestión municipal utiliza a súa propia base de datos en función do tipo de proxectos que fai e o importe dos proxectos é o xusto, nin máis nin menos, entón o que poden gañar os veciños por un lado, pérdeno polo outro e podíamos falar bastante dese sistema tan transparente que escolleu Louzán porque ao final todo se sabe.

Sr. López Campos do PP.- Nada, simplemente para comentar dous aspectos, que eu

creo que o compañeiro Reboredo dou na clave, é fácil facer os cálculos e analizar canto houbera xestionado mellor o Concello da Estrada se en vez de elixir a licitación dixital como escolleu nos proxectos do Plan E e adxudicar a dedo as obras por valor de máis de 600.000 euros que elixiu neste plan, empregando evidentemente un recurso legal, que é o procedemento negociado pero intentando fraccionar os contratos para que non superasen o importe máximo permitido apra adxudicalas a dedo, pois por esa regra de tres non é que falten 600.000 euros e que si houberan vostedes feito un concurso público para a adxudicación desas obras, posiblemente o Concello se houbera aforrado aproximadamente 1.000.000 de euros que poderían haber sido reempregados de novo apra facer determinados investimentos cos que as empresas poderían ter garantido e beneficio industrial correspondente e a súa actividade e o seu custe de produción porque para iso están as licitacións, porque se non xa me dirá vostede cal é o sistema que elixen todas as administracións para licitar obra pública. Eu creo que si todos os contratos que se licitan son deficitarios para as empresas, non me vai dicir que vostede se pon agora do lado do gran capital, é o que me sorprendería a min co seu ideario político. Entendo que hai que velar po los intereses da administracións,xa sei que apra algúns é difícil entender que os recursos hai que administralos de forma eficaz e eficiente e intentar obter a maior rendibilidade cos mesmos recursos, a pregunta é clara; onde está ese millón de euros si se houberan licitados as obras cun proceso claro e transparente e non se houberan adxudicado a dedo como se fixo no Plan E. É conveniente saber onde está ese millón de euros porque desaparecer non desapareceu. Pero fala vostede de que o Partido Popular non presentou ningunha proposta e como sempre que se altera no debate, falta á verdade. O Partido Popular presentou emendas aos orzamentos municipais, fixo propostas para incrementar os plans de emprego de apoio ás persoas en situación de desemprego. Presentou unha serie de iniciativas que evidentemente este goberno nin sequera as valorou e polo tanto eu creo que vostedes teñen a súa responsabilidade como goberno municipal, como repiten cansinamente xa teñen a maioría para gobernar e tomar as decisións con esa fanfarronería política que empregan e ultimamente máis e polo tanto son vostedes os responsables e cómplices en toda esta situación, non hai que buscar culpables en terceiras persoas cando vostedes presomen de dicir que teñen maioría absoluta para facer todo o que queren facer en cada unha das decisións políticas que toman e están a facelo, o que non pode ser e tomar unha decisión e automaticamente botarlle a culpa ao contrario de que esa decisión saíu mal, eu creo que e unha responsabilidade persoal e propia e é un camiño que vostedes toman dende logo equivocado e erróneo como demostra esa mala xestión dos fondos públicos . se vostede se puxo en contacto coa Deputación ou non, non o sei, eu imaxino que a vostede lle entrarían os nervios despois da súa metedura de pata no proxecto da Praza do Pazo de Oca, onde vostede se encargou de encher a boca con revistas dicindo que o BNG conseguira algo histórico par a Estrada e se lle fusilou no momento por unha cabezoneria e non falemos da xestión bastante nefasta que fixo vostede a colación daquel comentario que dicía no pleno anterior, que unha persoa lle dixera que o candidato do PP non pisaba moito o rural. Tendo en conta que na reunión tivemos a presenza de 1.335 veciños, con que un lle dixera que eu non pisaba moito o rural a verdade é que o efecto pódome sentir satisfeito porque foi tremendamente positivo, pero o que sé dixeron o 100% dos veciños do entorno do Pazo de Oca é que vostede era unha negligente e dende logo o demostrou vostede na súa xestión. Un proxecto aprobado, a posibilidade de facer unha obra importante, vostede vendeu o proxecto moito antes de telo falado e pechado, intentou impoñer o seu criterio, usar a vía da imposición en lugar da da negociación, e ao final pretende vostede unha vez máis como pretendeu sempre este goberno, sacar a serpe do saco coa man doutro, se vostede quere coller a serpe meta vostede a man no saco e non pretenda que a metan outros cando é algo que ten que xestionar vostede, polo tanto esta presa lle ven pola gran

metedura de pata que tivo vostede na xestión do proxecto do Pazo de Oca e dende logo eu creo que é conveniente retomar o diálogo, a negociación e a sensatez par intentar buscar a solución a u proxecto que eu creo que é moi importante para o noso concello , pero aínda así cos defectos que son habituais neste goberno, nós estamos en condicións de reclamar e seguiremos reclamando sempre as maiores infraestruturas e inversións que son necesarias para o futuro da nosa vila e para a mellora do entorno dos noso veciños.

Sr. Reboredo Baños dos Non Adscritos.- *Eu soamente tres precisións que quero puntualizar. Primeiro non entendín o cinismo por levantarse dunha comisión, eu recordo que en vinte anos que estiveron aquí o seu grupo chegou a levantarse neste Pleno en máis de unha ocasión e ata se chegou a pechar aquí dentro. Tamén facía vostede referencia ao tema das valoracións, redaccións e baixas nos proxectos pero se aquí neste Concello pasa exactamente o mesmo que pasa na Deputación, se aquí cando se sacan a concurso público, hai baixas e ata chegan a ser baixas temerarias, entón quérese dicir que nos procesos de concurso público evidentemente as empresas van moito máis axustadas porque se están xogando o cocido, nos procesos negociados non. Vostedes tiveron unha modificación da lei que llo permitiu porque antigamente os contratos, os concursos eran a partir dos 60.000 euros agora é a partir dos 200.000 euros, case 300.000, polo tanto a vostedes a lei veulles de parlas e aplicárona, 1.000.000 de euros podíamos ter máis na Estrada en obras. E logo mire, permítame que lle dea un concello, o que pasa é que a vostede pásalle como a min, nós ímonos , pero se volve algún día, vostede no xestione co presidente da deputación nin co da Xunta estes temas por teléfono, vostede xestióneo cunha entrevista no gabinete, que a reciban e alí xestione os intereses da Estrada porque se a súa pretensión é defender os intereses por teléfono creo que perde o tempo, vostede e máis o presidente da Deputación.*

Sra. López Doce do BNG .- *Ben, tivo unha ocorrencia señor Reboredo, pareceulle brillante ao señor López, e os dous meten a pata, a diferenza do Plan de Investimentos da Deputación, os fondos estatais xestiónanse doutra maneira, eu son responsable de varios proxectos financiados con cargo a estes fondos, nos que se fixeron negociados que tiveron baixas e teño que informarlles que ese diñeiro volve ao Ministerio, vamos a ver aquí non temos ningunha resolución presidencial que nos diga canto lle corresponde á Estrada, hai unha diferenza, ben en todo caso hai posibilidades, vostedes primeiros infórmense e se hai causa presentan unha moción e van contar co apoio do BNG e do PSOE, porque se lle vai a reclamar o mesmo trato da Administración local á Deputación e a Administración central, aquí as dúas varas de medir son do estilo do PP non do estilo dos demais, polo menos do Bloque e creo que ese millón son as contas da vella que o señor Reboredo sabe facer moi ben como fixo na memoria económica do PXOM que non foi aprobado, a memoria está informada por Intervención e hai que contrastar informes. En todo caso señor López estamos noutro foro e o discurso que vostede e os seus empregaron cos veciños de Oca para mobilizalos, non vale neste Pleno. Porque vostede é membro desta Corporación, vostede recibe as actas da Xunta de Goberno, vostede sabe que dende o 29 de outubro do 2009, está asinado o protocolo previo ao convenio coa Fundación Casa Ducal de Medinacelli, sabe cales son os extremos que recollía ese convenio. Vostede ao igual que o señor Reboredo votaron a favor da aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Estrada no ano 2006, que recolle a clasificación de terreos do núcleo da praza no que non se grafía ningún vial no entorno da praza porque non é público e a vostedes cónstalle e está delimitada na zona do cruceiro unha zona verde sistema local número sete que na ficha se informa que é de propiedade privada e vostedes isto sabían igual que saben que un convenio aprobado no ano 2009 e que custou bastante traballo*

negociar, que como ben din os veciños, a Fundación Ducal nunca cedeu en nada, este convenio viña asinado de Sevilla e era o que permitía executar as obras na praza, e era algo beneficioso para todos porque era un Ben de Interese Cultural que a diferenza da Torre de Guimarei, que é outro BIC que temos na Estrada, os seus propietarios se ocupan de manter. Entón era beneficioso par todos porque era un ben de interese patrimonial non só da Estrada senón de Galiza porque aí está a nosa historia, e ademais resolvía os problemas que teñen os veciños que viven nas vivendas da praza, resolvíaos señor López, non me veña vostede aquí cos contos que lles contou a eles porque a min non me coan nin lles poden coar ao resto dos membros da Corporación, entón pode estar vostede satisfeito porque estaba o tren parado e vostede fíxoo marchar, pode estar satisfeito.

Sometido o asunto a votación, resulta aprobado por unanimidade.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL DE DATA 28-03-11, RELATIVO Á APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL XERAL DE PROCEDIMENTO PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DA ESTRADA E ANEXOS I, II E III. Pola secretaria, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Medio Rural celebrada en data 28 de marzo de 2011 que transcrito literalmente di:

2º.- Proposta da Primeira Tenente de Alcalde e Concelleira Delegada de Medio Rural e Turismo, relativa á aprobación inicial da ordenanza municipal xeral de procedemento para a prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de A Estrada e Anexos I, II e III. Toma a palabra a Sra. López Doce para expoñer que a Ordenanza Municipal Xeral de Procedemento para a prevención e defensa contra incendios forestais no Concello da Estrada trae causa do Plan Municipal de prevención e Defensa contra os Incendios Forestais que foi elaborado pola empresa Montes y Medios Ambiente Consultores e aprobado o 13 de novembro de 2009. Con esta ordenanza preténtese ser máis áxil na tramitación dos expedientes, tanto do medio rural como do urbano. Explica, asimesmo, que se propuxo unha modificación no réxime sancionador a instancias do informe da Secretaría Xeral.

Por outra banda anuncia unha convocatoria municipal de subvencións cando entre en vigor o novo orzamento para a realización de traballos de limpeza de parcelas, para o que se destinará unha partida dotada con 15.000,00 €.

Toma a palabra o Sr. Maceira Besteiro para indicar que o Grupo Municipal do PP está dacordo en liñas xerais coa ordenanza, excepto coa súa Disposición Transitoria, xa que fai referencia a que se aplicará a planimetría do PXOM, cando éste é un documento que non se atopa aprobado, sendo polo tanto inaplicable.

A Sra. López Doce respóstalle que a competencia dentro das aldeas é municipal, e que, polo tanto, só se utilizará esa planimetría aos efectos de ubicar os terreos.

Non habendo máis intervencións, e unha vez deliberado suficientemente sobre o particular, a Comisión Municipal Informativa de Medio Rural ditaminou favorablemente, cos votos a favor dos representantes dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE (2), do BNG (1) e do Concelleiro D. José Manuel Reboredo Baños (0,5), e cos votos en contra dos representantes do Grupo Municipal do PP (2), e propuxo ao Pleno, o seguinte:

- *Visto que tras a entrada en vigor da Lei 3/2007 de de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais de Galicia o Concello da Estrada asinou o 09-04-2009 un convenio de colaboración coa Consellería de Medio Rural para a redacción do Plan Municipal de prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (PMPDIF), dito Plan foi elaborado pola empresa adxudicataria, Montes y Medio Ambiente Consultores e aprobado o 13 de novembro de 2009,*
- *Visto que cómpre dotármonos dun instrumento que facilite a aplicación do establecido na diferente normativa en materia de prevención de incendios no ámbito das competencias municipais normalizando e definindo o procedemento a través dunha nova Ordenanza Municipal,*

- Vistas as Providencias ditadas ao efecto e que a tramitación do expediente para o seu sometemento a aprobación plenaria, previo ditame da Comisión Informativa correspondente están finalizados

- Visto o Informe Xurídico da Secretaría Xeral emitido en data 15-03-2011 no que pon de manifesto no referido ao importe económico das multas do Réxime sancionador a necesidade de “aplicar o recollido no artigo 141 da Lei 7/1085, de 2 de abril, reguladora da Bases de Réxime Local que regula os límites das sancións no seguinte senso:

“Art. 141. Límites das sancións económicas.

Salvo previsión legal distinta, as multas por infracción de Ordenanzas locais deberán respectar as seguintes contías:

Infraccións moi graves: ata 3.000,00 Euros.

Infraccións graves: ata 1.500,00 Euros.

Infraccións leves: ata 750,00 Euros.--””. *Xa que logo, modifícase na proposta de Ordenanza Municipal a elevar a Pleno o importe máximo das sancións segundo o suxerido por Secretaría*

E PROPOÑO ELEVAR AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

1º.- *Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal Xeral de Procedemento para a Prevención e Defensa contra Incendios Forestais do Concello de A Estrada e Anexos I,II e III.*

2º.- *Someter o expediente a información pública e audiencia ós interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias.*

3º: *En caso de que non se presenten ningunha reclamación ou suxerencia entenderase definitivamente adoptado o presente acordo quedando facultado expresamente o Alcalde-Presidente para a súa publicación e execución.*

Sra. López Doce do BNG.- *Ben, non me vou estender sobre a procedencia da ordenanza e da súa necesidade, só vou pedir novamente o cambio do sentido do voto do Partido Popular que na comisión informativa foi en contra e do edil non adscrito o señor Reboredo Baños que se abstivo, eu agardo que estudasen o texto con tranquilidade e que a disposición transitoria que lles facía ter sospeitas e ver fantasmas onde non os hai pois que a valorasen na súa medida. Esta ordenanza faise para axilizar a xestión municipal en beneficio dos veciños, para atallar o que é a propagación de lumes, faise preciso agrupar nunha ordenanza municipal e unificar o procedemento para a tramitación dos expedientes dado que a normativa está en distintas leis e entón para axilizar hai que facelo dado que as competencias se definen pola tipoloxía da clasificación do solo, faise preciso dado que mentres non haxa aprobado un plan definitivamente, non podemos quedar salvo que queiramos que non funcione non pode quedar na indefinición porque neste momento como ben recordaba o señor Reboredo Baños na comisión informativa todo o rural é Solo Rústico de Protección Ordinaria, entón iso na práctica é unha pelota de tenis para ver se é competencia de Medio rural ou é competencia do Concello, entón para salvar esa situación dada a pelota de tenis que neste momento o PXOM, señor López, entón poñemos esta disposición transitoria que ten meramente efectos administrativos para definir cales son os ámbitos competencias municipais nese ámbito. Solo de núcleo rural, competencia municipal ou área de expansión competencia municipal porque hai vivendas novas en terreo que non é solo de núcleo e terreo agrícola ou forestal, competencia de medio rural.*

A planimetría máis actualizada é a da última revisión que remitimos no mes de febreiro á Consellería para a súa aprobación definitiva e por iso esta disposición transitoria, como dicía agardo que teñan sentido común que a veces é o menos común e voten a favor desta ordenanza por unanimidade porque non é algo para un momento senón que vai a quedar durante varios anos e é obriga deste Concello unha

vez aprobada e se hai alegacións resolvelas pero será obriga da administración local cumprila.

Sr. López Campos do PP.- *Estou gratamente sorprendido, a súa marcha da política municipal estalle cambiando o carácter, ata está vostede máis doce, está tan doce que agora ata lle vale o Plan Xeral do ano 2006, increíblemente agora fai moitas referencias a ese Plan Xeral no que curiosamente vostede votou en contra e agora é o que trae recorrentemente para salvar determinadas actuacións do Goberno municipal dun xeito non debidamente xustificado. Vostede omite que este acordo ten un informe desfavorable do técnico de urbanismo no tocante ás delimitacións dos núcleos e sobre a utilización que se fai nesta delimitación con respecto ás áreas de afección dos incendios con respecto á planimetría do PXOM, dun PXOM que non está en vigor e evidentemente non está aprobado.*

Dende logo iso produce fondas carencias nesta ordenanza e ademais produce certos desaxustes apra o futuro e vostedes sábeno, no que sí estamos de acordo é que importante axilizar a xestión municipal para a tramitación destes expedientes, o que non estamos tan de acordo é no tratamento atropelado que lle da este goberno municipal a un tema que e creo que debería facerse con tempo suficiente e non a presa e correndo, intentando facelo nun prazo de tempo non razoable a ademais sen ter en conta aquelas decisións que poden afectar aos cidadáns. O tema da planimetría, é un tema importante e con consecuencias directas á hora da súa xestión.

O informe desfavorable aconsella recapacitar e analizar en profundidade o tema para ver de qué forma se pode solucionar, falase de que a planimetría non está feito, eu recordo ademais que daquela o goberno municipal de acordo co equipo redactor fixo unha desas adxudicacións de esas das que tanto lle gusta a vostede falar e ademais foi adxudicatario un dos fillos que vai na súa candidatura. Cando fixeron vostedes a planimetría que contrataron vostedes ao marxe do plan xeral, curiosamente o pai dunha persoa que vai na súa candidatura foi adxudicatario desas delimitacións dos núcleos. E podería ser un traballo importante a parte nesa forma que teñen vostedes de adxudicar tan transparente, podería ser unha forma boa para intentar solventar esta situación, tendo en conta a situación actual do Plan Xeral e no empeinamento que ten este goberno de seguir xogando este partido e que como eu xa lle dixen antes, eu neste partido non xogo; neste partido están xogando unha parede contra unha administración e esa parede segue nos seus trece e dende logo non se vai mover de lugar. De todas formas como dicía vostede de baloncesto, apra min é un orgullo poder xogar na selección galega; unha persoa de fondas galeguistas coma min e a min faime moita ilusión poder participar na selección galega e dende logo poder disfrutar contra a selección española que tamén é a miña selección, a súa seguro que non o é pero a miña si. Maña convídoa a que poida disfrutar dese partido. Eu creo que este tema está traído de forma precipitada non co adecuada traballo e ademais para intentar implantar esta normativa que eu creo que é necesaria pero ademais ten que ser o máis axustada posible e o máis realista á hora de poder determinar os problemas que poden acontecer co tema dos incendios e polo tanto o noso voto non pode ser favorable ante esta necesidade que ten ultimamente o goberno ou vostede de traer proxectos dentro da orde do día con informes desfavorables, e imos ver tamén outro asunto dentro da orde do día que ven tamén con informes desfavorables, co cal tempos atrás vostede poñía o grito no ceo cando montaba aquelas películas nos plenos municipais e aquelas representacións teatrais que tanto lle gustaban.

Sr. Reboredo Baños: *Ben, a miña intervención é soamente para cambiar o sentido do meu voto, eu na comisión abstívenme porque non tiven tempo de consultar todo o*

expediente, non tiven o informe do técnico municipal pero evidentemente co informe en contra do técnico municipal, parécenos temerario votar a favor. En todo caso a xustificación que facía vostede de que neste momento era todo solo rústico, estamos de acordo pero é que se vostedes houberen cumprido con todos os prazos da tramitación do plan, a estas alturas esta situación tiña que estar resolta, polo tanto, non veña vostede culpando aos gobernos anteriores das actuais situacións, agora xa son vostedes consecuentes das súas propias negligencias e polo tanto teñen maioría, fágano vostedes pero evidentemente cos informes en contra eu vou votar en contra.

Sra. López Doce do BNG.- *A verdade señor Reboredo estou moi sorprendida porque vostede ata o día da data era unha persoa á que lle recoñezo o traballo e mirar as cousas, entón sorpréndeme que igual que fixo o voceiro do Partido Popular, non mirase o expediente, sorpréndeme, do señor López non me estraña pero de vostede si, entón o que queren é votar en contra da ordenanza pero vostedes no expediente teñen que esta ordenanza iníciase cun texto que se xunta a unha providencia de 13 de outubro de 2009, e esa providencia prevía a tramitación paralela da publicación do plan municipal de defensa de incendios forestais, máis a aprobación desta ordenanza. No expediente figura que con posterioridade o 16 de decembro do ano 2010, nunha reunión de traballo convocada pola Consellería de Medio Rural, a Dirección Xeral de Montes para clarificar as competencias da Administración local na aplicación da Lei de Prevención e Defensa contra incendios forestais de Galiza, á que asistiu o xurídico que xa tiña emitido o informe, o enxeñeiro técnico agrícola e a que asistín eu mesma, deuse conta de que a competencia para aprobar o plan era da Alcaldía e polo tanto non era procedente que o Plan Contra a Defensa de Incendios Forestais do Concello da Estrada que o xurídico observa algunhas cuestións pero que estaba aprobado xa dende novembro do ano 2009, isto estaba no expediente. Con posterioridade señor López e señor Reboredo, está no expediente reunímonos os tres técnicos e eu mesma o 26 de xaneiro co director xeral de montes en Santiago e o 10 de febreiro de 2011 co xefe de servizo e con outros técnicos do Servizo Provincial de Defensa contra incendios forestais da Consellería de Medio Rural en Pontevedra, á vista dos resultados destas reunións de traballo incorporamos algunhas suxestións que eles nos fixeron para mellorar o corpo desta ordenanza e a ordenanza que se somete a Pleno conta con informes favorables do enxeñeiro técnico agrícola, do xurídico e da secretaria xeral do Concello, non ten informes en contra, o que non é de recibo é que veñan a este Pleno mirando un papel do que consta no expediente e que non acaben de miralo e se queren votar en contra voten en conciencia.*

Sr. López Campos do PP.- *Dous minutos de forma sucinta, vostede dou lectura ao informe xurídico de Urbanismo do catro de marzo de 2011 e vostede cando fala das redaccións das delimitacións dos núcleos tanto cando fala do solo urbano consolidado como dos núcleos rurais di expresamente que non se comparte a pretendida anticipación da vixencia maila eficacia dun planeamento xeral aínda inexecutivo polo tanto o que se pretende é usar a planimetría dun plan xeral nas delimitacións que foi o que nós dixemos en todo momento dende o principio. Nós creemos que vostede non entendeu as argumentacións do Partido Popular, nós o que pretendemos é que o que non se pode é intentar anticipar a aprobación dun plan xeral no que corresponde ao tocante ás delimitacións dos núcleos coas repercusións que pode ter á hora de establecer esas áreas de afección de incendios, dun documento que non está aprobado, que non está en vigor e que dende logo se descoñece como vai quedar a delimitación final porque se está empregando unha planimetría que non se corresponde absolutamente con nada aprobado e o que fai referencia, ben pois a referencia aplicativa do PXOM aprobada na dita sesión plenaria procede ser reempazada pola referida á ordenación urbanística provisoria aprobada polo Concello, e é ao que se refire este informe xurídico e eu creo que*

queda perfectamente claro que o servizo xurídico do Concello o que pretende é que non se apliquen as delimitacións o que é moito máis cómodo para vostedes e moito menos traballo evidentemente pero dende logo non é máis eficaz á hora de poñer en marcha e o que pretenden vostedes é empregar a planimetría do plan xeral, un plan xeral que non está aprobado nin está en vigor aínda , e o que dí o técnico é que se debería empregar a planimetría das normas transitorias, esa é a interpretación que fai o informe e eu leo textualmente e literalmente, polo tanto, eu creo que se debería de haber traballado, que se debería de haber empregado unha planimetría acorde coa situación actual do Concello e ademais que vostedes aproben esta proposta cando están co recurso no forno contra o TSJ para denunciar á Xunta de Galicia pola non aprobación do plan xeral, parece polo menos sospeitoso, parece que non encaixa moi ben; que por un lado lles valga o plan do ano 2006 e polo outro votaron en contra; que por un lado van recorrer o plan ante os tribunais e por outro utilizan a planimetría como se o plan fose a probarse en pouco tempo, non sei son determinadas situacións que cando un vive na mentira, entra en bastantes contradicións e iso ó que da lugar é a que vostedes están intentando dar pasos sen saber moi ben o camiño e o rumbo que queren seguir e polo tanto vostedes teñen a maioría, nós non compartimos a delimitación dos núcleos e avanzamos que pode xerar certos problemas a delimitación tal cal e propoñen vostedes e a partir de aí vostedes tomen a decisión porque como lles gusta dicir tantas veces, teñen a maioría.

Sr. Reboredo Baños: *Ben, como vostede tivo unha ocorrencia agora, é capaz de interpretar que expedientes se traballan e cales non, e vostede chega aquí e larga un discurso embaucador á cidadanía pero o problema é que vostede interpreta os informes en función de se lle interesa ou non co cal aí xa hai un problema máis grave de interpretación, de lectura e de comprensión. Eu xa lles expliquei a postura do meu voto, se vostedes quixeran aplicar a planimetría dun xeito correcto houbesen traballado durante catro anos para ter ese plan aprobado, eu non fixen referencia a outra historia e polo tanto como informe técnico do xurídico deixa claro que non se debe aplicar esa senón a normativa transitoria que é a que está en vigor pois permítame que a miña responsabilidade como concelleiro sexa a de tomar unha decisión de voto e neste caso vou votar en contra pero non confunda vostede.*

Sra. López Doce do BNG: *A ver, señor López, sen interpretacións, negro sobre branco. Acaba de ler o informe do xurídico que non comparte vostede e que vostede entende outra cousa. A conclusión do informe non é desfavorable, non informa desfavorablemente, el ten a súa opinión persoal que ten dereito a tela pero nós tamén temos un criterio e comprenderá que non vivimos nunha tecnocracia, ao xurídico non o votaron os veciños, a nós si, e o que di o técnico é que non comparte, non di que non sexa legal. Ben, vostedes non comparten pero en todo caso señor Reboredo iso é o que di o que pasa é que agora os representantes do Partido Popular danse ás interpretacións; as cousas non din o que din, se non o que interpreta o PP. Esa é a novidade desa nova xeira que se ben a cabeza visible porque é alto e non por outra cousa é o señor López, eu felicito pola súa participación deportiva e seguramente sexa onde teña máis éxitos. Quedoume unha cousa sen contestar e non quero que vaian a pensar que é porque non teño que dicir, e é a contratación que fixo o Concello para a realización do traballo que non fixo o equipo de Rosón contratado polo señor Reboredo e por vostede tamén e que xa viña de atrás e cando o Partido Popular decidiu que non se continuase cos traballos do PXOM pola entrada da Lei 9/2002 o BNG tamén votou a favor?, están as actas aí e non imos discutir, en todo caso ese traballo estaba sen facer e contratouse con todos e cada un , independentemente de se teñen fillos cunha ideoloxía ou con outra; os propios técnicos teñen ideoloxía porque todo o mundo a ten, con todos os técnicos*

da Estrada que non se excluíu a ninguén e a cada un se lle asignou un perímetro do traballo para que fose áxil xa que a intención era que o PXOM de aprobase en canto antes, cousa que vostedes non queren e xa empezamos a ver porque, porque as cousas flotan e sobre todo as que son malas.

Sometido o asunto a votación, resultan once votos a favor (PSdeG – PSOE: Sres/as Dono López, Otero Espiño, Sanmartín Obelleiro, Maceiras Vicente, Aguiar Lale, Asorey Brea, Magariños Cobas, González Rodríguez e Louzao Vieites) e (BNG: Sras/es López Doce e Castro Blanco) e oito votos en contra (PP: Sres/as López Campos, Maceira Besteiro, García Villar, Maíssa Rodrigo, Goldar Soto, Vicente Vicente e Loureiro Méndez) e non adscrito: Sr. Reboredo Baños, polo que se aproba este punto por maioría.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, RELATIVO Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE PROMOVIDO POR “NOVA 2006, PROMOCIÓNS E CONSTRUCIÓNS, S.L.”, PARA CONQUERIR A ALIÑACIÓN DEFINITIVA DA 1ª TRAVESÍA FERNANDO CONDE, DEFININDO ASÍ A ORDENACIÓN DA MAZÁ PECHADA FORMADA POLAS RÚAS BAIUCA, VARELA BUXÁ E 1ª TRAVESÍA FERNANDO CONDE (DOCUMENTO REFUNDIDO VISADO O 20-01-10). Pola secretaria, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Urbanismo celebrada en data 1 de abril de 2011 que transcrito literalmente di:

“3º.- PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE URBANISMO RELATIVA Á APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDO DE DETALLE PROMOVIDO POR NOVA 2006, PROMOCIÓNS E CONSTRUCIÓNS, S.L., PARA CONQUERIR A ALIÑACIÓN DEFINITIVA DA I TRAVESÍA FERNANDO CONDE, DEFININDO ASÍ A ORDENACIÓN DA MAZÁ PECHADA FORMADA POLAS RÚAS BAIUCA, VARELA BUXÁN E I TRAVESÍA FERNANDO CONDE (DOCUMENTO REFUNDIDO VISADO O DÍA 20.01.10).

Visto o Estudo de Detalle promovido por Nova 2006, Promocións e Construcións, S.L. para conquistar a aliñación definitiva da I Travesía Fernando Conde, definindo así a ordenación da mazá pechada formada polas Rúas Baiuca, Varela Buxán e I Trav. Fernando Conde (documento refundido visado o día 20.01.10).

Visto o acordo de aprobación inicial do mesmo acadado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 19.04.10 (punto 11 da Orde do día).

Visto o trámite de información pública evacuado a partires do Anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia nº 229, do día 29.11.10, e insertado no Taboleiro Municipal de Anuncios e Editos (sen prexuízo da publicación do mesmo anuncio no Faro de Vigo e na Voz de Galicia en data 02.12.10), sen que se presentasen perante o Departamento Municipal de Urbanismo alegacións/reclamacións/suxestións, salvo erro ou omisión.

Visto o informe do Arquitecto Municipal, Sr. Ponte Clares, do 15.09.09, así como o xurídico do T.A.X. do Servizo Xurídico de Urbanismo, de data 01.03.10, no que se concreta, sinópticamente, o iter procedemental.

Visto o art. 22.2.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, polos votos a favor dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (3) e do BNG (1); absténdose o PP (1) e o non adscrito (Sr. Reboredo Baños -1/2-), a Comisión Informativa ditaminou favorablemente ao tempo que propuxo ao Concello

Pleno, a aprobación definitiva do devandito Estudo de Detalle, así como a consecuente publicación no Diario Oficial de Galicia do acto de aprobación definitiva, e do documento de planeamento aprobado no Boletín Oficial da Provincia, con independencia da comunicación do anterior á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para coñecemento e efectos”.

INTERVENCIONS:

Sr. López Campos do PP: Brevemente, simplemente a raíz de que é unha iniciativa privada e dende a responsabilidade eu creo que nós imos manifestar que imos manter a abstención neste punto e máis que nada, unha vez máis por ese afán deste goberno municipal de traer propostas ao pleno con informes desfavorables e este é un caso máis no que o informe do Concello e do Secretario Municipal se cingue a que o informe seu é favorable con respecto exclusivamente ás alienacións pero desfavorable con respecto aos rasantes, á urbanización e a ampliación do viario existente que leva contemplado este desenvolvemento. Polo tanto ao ser unha iniciativa privada ímonos a reservar o voto da abstención pero tamén será curioso ver como algún partido político, unha vez máis incumpre de novo o que veu dicindo durante moitos anos na oposición e agora estando no goberno fai exactamente o contrario.

Sr. Reboredo Baños: Ben, o que pasa é que eu xa non sei si interpretaría mal porque lin os informes pero igual estou interpretando mal. Pero evidentemente co que teño na man pois tampouco vou dar o voto favorable porque o informe do técnico xurídico é moi claro como dicía o compañeiro; favorable no relativo ás alienacións e desfavorable nos outros tres aspectos con respecto aos rasantes, á urbanización e a ampliación do viario existente, eu non vou asumir a responsabilidade de votar a favor algo que ten os informes en contra.

Sra. López Doce do BNG.- En todo caso non ten moito sentido absterse agora ou votar en contra, cando veu a pleno a aprobación provisional, estivo en exposición pública e non se formulou ningunha alegación.

Sr. López Campos do PP: Dende logo eu creo que a decisión dos grupos municipais é respectable e eu o respecto, dende logo se alguén traballou e eu creo que é evidente e que por iso os pillamos en varios renuncios, debe de estar ocupada noutras tarefas pero dende logo se vostede leu o informe eu creo que é bastante claro onde se fala en primeiro lugar dunha situación de alienación que posiblemente cumpra cos requisitos e que é no único extremo no que o xurídico informa favorablemente e o demais é un rotundo desfavorable porque non cumpre coa normativa, polo tanto van vostedes a votar a favor de algo do que estiveron renegando durante moitísimo anos, da súa lexitimidade e da súa honorabilidade á hora de que cumpren estritamente cos informes o que pasa é que seguen con ese mal de que vostedes utilizan os informes en función de como lles interesen, vostedes interpretan os informes pero este dende logo como lles dicía o compañeiro Reboredo e difícil de interpretar; desfavorable en canto aos rasantes, desfavorable en canto á urbanización e desfavorable en canto a ampliación do vieiro existente, esa é a realidade, non é interpretable polo tanto cada un que asuma as súas consecuencias.

Sr. Alcalde.- Ben, neste momento pido que este punto quede sobre a mesa e se volva a estudar máis detidamente.

O Sr. Alcalde retira este punto da Orde do Día

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, RELATIVO Á DACIÓN DE CONTA DA COMUNICACIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO, POLA QUE DEVOLVEU O DOCUMENTO DO PXOM APROBADO EN SESIÓN PLENARIA DO 03-02-11, ESIXINDO A A SÚA ADAPTACIÓN ÁS DETERMINACIÓNS DA LEI 2/2010, DO 25 DE MARZO, DE MEDIDAS URXENTES DE MODIFICACIÓN DA LEI 9/2002, DO 30 DE DECEMBRO; A REMISIÓN DO DOCUMENTO CORRIXIDO COA PROPOSTA DE MEMORIA AMBIENTAL; A APROBACIÓN PROVISIONAL DO MESMO; E, A REMISIÓN DESE DOCUMENTO CO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO COMPLETO (INCLUÍNDO A TRAMITACIÓN AMBIENTAL); E DACIÓN DE CONTA DA

CONTESTACIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA Á DEVANDITA COMUNICACIÓN ASÍ COMO DA DISPOSICIÓN Á INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA A MESMA. Pola secretaria, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Urbanismo celebrada en data 1 de abril de 2011 que transcrito literalmente di:

“2º.- DACIÓN DE CONTA DA COMUNICACIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO DE DATA 08.03.11 (RE 2.485/2011, DO 10 DE MARZO), POLA QUE DEVOLVEU O DOCUMENTO DO PXOM APROBADO POLO CONCELLO-PLENO NA SÚA SESIÓN DO 03.02.11, ESIXINDO A SÚA ADAPTACIÓN ÁS DETERMINACIÓNS DA LEI 2/2010, DO 25 DE MARZO, DE MEDIDAS URXENTES DE MODIFICACIÓN DA LEI 9/2002, DO 30 DE DECEMBRO; A REMISIÓN DO DOCUMENTO CORRIXIDO COA PROPOSTA DE MEMORIA AMBIENTAL; A APROBACIÓN PROVISIONAL DO MESMO; E, A REMISIÓN DESE DOCUMENTO CO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO COMPLETO (INCLUÍNDO A TRAMITACIÓN AMBIENTAL); E, DACIÓN DE CONTA DA CONTESTACIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA Á DEVANDITA COMUNICACIÓN ASÍ COMO DA DISPOSICIÓN Á INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA A MESMA.

*A Sra. Presidenta-Delegada dá conta da comunicación recibida en data 10.03.11 RE 2.485 da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, relativa ao PXOM en tramitación, que queda incorporada a esta Acta como **Anexo I**.*

*Por outra banda, dá conta da proposta-contestación á dita comunicación, asinada polo Sr. Alcalde-Presidente en data 30.03.11, que queda incorporada a esta Acta como **Anexo II**.*

*Finalmente, dá conta do informe emitido polo equipo redactor Visier Arquitectos, S.L.P. en data 22.03.11 en relación coa mesma comunicación, que queda incorporada a esta Acta como **Anexo III**.*

*Trala dación de conta deses tres documentos, o Sr. **Reboredo Baños** considera que o camiño que pretende seguir o executivo municipal é equivocado, e o máis traumático para os estradenses, razón, pola que se absterá.*

*En parecidos termos se expresa o Sr. **López Campos**, ao entender que o bipartito municipal só pretende un lavado de cara final ante as próximas eleccións locais co obxecto de derivar as súas responsabilidades políticas pola incapacidade de ter aprobado un PXOM neste mandato preto a rematar.*

A proposta que presenta o Sr. Alcalde-Presidente, ao seu xuízo, é a continuación do enfrentamento político que dende fai meses está a manter coa Consellería competente, no que o grupo político municipal do PP non participará, dada a cabezonería do goberno bipartito; é dicir, o P.P. non será cómplice nin obstáculo nesa estratexia.

*O Sr. **Castro Blanco**, pola súa banda, manifesta que a proposta do Sr. Alcalde-Presidente obxecto de estudo constitúe a única vía de saída que proporciona a comunicación autonómica.*

*En nova intervención, o Sr. **López Campos** pregunta sobre o tempo estimado que durará a interposición dun recurso contencioso-administrativo contra a comunicación autonómica de referencia; respostándolle a Sra. **Aguiar Lale** que o menor tempo posible, ao redor de 2 anos.*

*Ao fío do anterior, o Sr. **López Campos** pregunta á Sra. Presidente-Delegada se lle parece lóxico o tempo que se perderá nese recurso, tendo en conta que só se tardaría aproximadamente 1 ano en facer caso ás directrices autonómicas relativas á adaptación do PXOM á Lei 2/2010; respostándolle a Sra. **Aguiar Lale** que si, tendo en conta que para o*

mes de xuño do presente ano se anunciou pola dita Consellería unha nova modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

Nega esta información o Sr. López Campos, argumentando que, o que anunciou a Consellería, non é máis que o comezo dos traballos de estudo para a modificación da dita Lei a partires do vindeiro mes de xuño co gallo de aprobala antes do remate da presente lexislatura (2.013), dado que se pretende acadar un consenso entre as diferentes forzas políticas que teña permanencia no tempo, en evitación de contínuas modificacións na dita norma legal, como ata agora.

Por outra banda, o Sr. López Campos pregunta á Sra. Aguiar Lale se cre que a Consellería modificará o seu criterio á vista da presente proposta do Sr. Alcalde-Presidente.

A Sra. Aguiar Lale respóstalle que se discutirá en sede xudicial, estando a tempo a dita Consellería de reconsiderar o seu criterio, con independencia de que cómpre non esquecer a pendencia dos recursos de casación interpostos no seu día polo Concello e pola dita Consellería contra a Sentencia do TSX de Galicia anulatoria do Decreto 207/2006, do 16 de novembro.

Noutra orde de cousas, o Sr. Reboredo Baños pide a emisión dun informe sobre os pagamentos recibidos ata esta data por parte do equipo redactor actual, respóstándolle os Sres. Castro Blanco e Aguiar Lale que o expediente de contratación está á súa disposición nas dependencias da Secretaría Xeral.

Deliberado sobre o particular, a Comisión Informativa tomou razón dos documentos dos que se efectuou dación de conta, ao tempo que ditaminou favorablemente e propuso ao Concello Pleno a aprobación da proposta asinada polo Sr. Alcalde-Presidente, polos votos a favor do PSdeG-PSOE (3), e do BNG (1); absténdose o grupo político municipal do PP (1) e o non adscrito (Sr. Reboredo Baños -1/2-)"

Sra. Aguiar Lale do PSOE: Boas noites, este punto da orde do día entendo que reflexa con total claridade o que se propón aquí hoxe ao concello pleno, entón o que se elevou para o seu ditame na preceptiva comisión foi en primeiro lugar dar conta dunha comunicación recibida no seu día pola secretaria xeral de comunicación do territorio. Nesa comunicación que vostedes no momento da comisión non estudaran debidamente e así o puxeron de manifesto e por iso se abstiveron, pois nesa comunicación como dicía a Secretaria fai unha serie de aseveracións, entendemos que a máis significativa e sorprendente é unha interpretación máis alá do debate que se estivo mantendo aquí esta noite sobre interpretación de leis, aquí a Secretaría Xeral si que se atreve a facer unha interpretación moi ousada da lei 2/2010 porque entende e así o di textualmente na súa comunicación e é motivo para devolver o documento do Plan Xeral ao noso concello, pois entende que a lei 2/2010 na súa disposición transitoria primeira fai unha distinción entre aprobacións provisionais válidas e non válidas. Creo que xa todos estamos un pouco fartos de escoitar este eterno debate e vostede mesmo señor López facía referencia estes días nos medios que o PXOM ten aprobación provisional de 30/11/2006. todos os grupos políticos como recordou a portavoz do BNG votaron a favor desa aprobación provisional e iso se manifestou aquí. Este é un feito perfectamente contrastable de que existe esa aprobación provisional polo que non hai ningunha discusión ao respecto, dito que esta aprobación provisional consta en todos os foros, na páxina web da consellería etc, non me quero reiterar, hai que dicir que hai un documento importante aprobado nos mesmos días, que é o plan do Proxecto da Cidade do Moble polo Consello da Xunta, no que se recolle que o Plan Xeral da Estrada ten aprobación provisional superada e que está en fase de acadar a aprobación definitiva, pode ser ese o argumento que vostede empregou para mudar o seu criterio e dicir agora que o plan xeral ten aprobación provisional cando non foi isto o que manifestou durante moito tempo.

Esa é unha das cuestións máis importantes desta comunicación da Consellería e outros dous aspectos tamén significativos son que se pon de manifesto que no documento falta unha serie de documentos preceptivos como o mapa de riscos naturais e o estudo de viabilidade económica que non se contemplan. Ben, pois no propio expediente da comisión informativa se vostedes se houbesen tomado a molestia de velo existía un informe emitido polo equipo redactor no que daba conta de que por unha parte ese estudo de viabilidade económica non era preceptivo posto que é un artigo modificado pola Lei 2/2010, se nós

estamos no punto anterior que é a non necesidade de aplicar a Lei 2/2010 pois evidentemente non temos que acollernos a presentar unha documentación que nós estamos aplicando e que a lei non recolle. Con respecto ao mapa de riscos naturais, algo semellante, neste caso máis grave porque o mapa de riscos naturais si que foi incorporado ao documento pero o que sucede é que xa non se molestaron en abrir o documento, tal cal, había unha estratexia de devolve-lo tal e como se recibira.

Dito isto, unha vez máis deixar claro que en todo momento o grupo de goberno está tramitando o plan da cordo coa lexislación que lle é de aplicación en base á disposición transitoria primeira apartado primeiro para plans en tramitación que teñen acadada a aprobación provisional. É unha discusión que non ten razón de ser, non ten sustento xurídico ningún a defensa que fai a Xunta desta circunstancia e este é o motivo polo que o goberno sempre se veña avalando polos informes técnicos municipais de que a tramitación é a correcta e en base a isto como estimamos que se trata dun claro trato discriminatorio para co noso concello, é o motivo polo que mandamos esta comunicación á consellería para poder darlles a última oportunidade para que entren en razón e que se dean conta da situación caótica urbanística e non destes catro anos, aquí xa vou falar un pouco de carácter persoal aínda que non tiña pensado entrarlle ao trazo pero simplemente facer unha manifestación no senso de que para calquera persoa pode ser facilmente matemática pura, catro anos non son dezaseis, entón en dezaseis anos houbo máis que oportunidades para aprobar plans xerais con gobernos amigos e demais e por último e tendo claro que a tramitación é a correcta, queremos darlle esa oportunidade para que a consellería entre en razón e vexa a necesidade para o noso concello de ter un PXOM aprobado de maneira definitiva canto antes e de aí a nosa intención é interpoñer un recurso contencioso porque vemos que é a única maneira que o grupo de goberno ten para desactivar esa situación e que polo menos a consellería se digne a sentarse con nós que xa dixemos no Pleno anterior a este respecto que hai unha entrevista solicitada dende xa non recordo cando pero hai máis de un ano e medio e co propio conselleiro que dicía nos medios de comunicación que era urxente ter adaptados os plans xerais canto antes nas leis e demais e tamén lembrar que hai unha modificación xa anunciada e neste senso podemos estar adaptándonos as leis cada seis meses. En todo caso quen tiña a maioría no seu momento era o seu grupo señor López e cando fixeron a modificación da Lei 2/2010 pois podían a ver optado por introducir unha *coletíña* nesa disposición transitoria primeira na que se fixesen distincións entre que aprobacións provisionais se consideraban válidas e cales non. Como non é así nós non entendemos a Lei, nós lemos o teor literal da Lei 2/2010 e a publicada no boletín oficial, nós manexamos esa, non manexamos outra que pensamos que deben ter escondida nas bibliotecas da Consellería e para grupos non afíns a propia Consellería, esperamos que vostedes unha vez máis aquí, permítame unha vez máis recoller as palabras da compañeira do BNG para pedirilles que actúen con ese sentido común que lles escasea e que aproben esa proposta do grupo de goberno. Moitas grazas.

Sr. López Campos do PP: Moitas grazas de novo. A súa defensa como avogada permítame que lle diga que non foi moi crible, dende logo di vostede o que ten que dicir e non achega ningún documento a maiores do que é este despropósito monumental ao que están sometendo o urbanismo no Concello da Estrada, están retorcendo e traspasando os límites inimaxinables para intentar tapar unha ineficacia de catro anos de non xestión. Están vostedes intentando marear ao cidadán para que ao final non saiba en qué situación está e que pasou co Plan Xeral, e a situación é tremendamente fácil. Falaba vostede de que catro anos non son dezaseis e seis meses non son catro anos. E vostedes foron se podemos falar de incumprimento ante a cidadanía a súa bandeira política. No ano 2007 o seu compromiso en campaña electoral foi aprobar o Plan Xeral en seis meses, fai catro anos que adquiriron con todos os cidadáns e o presidente da Xunta naquel momento dixo que se o alcalde era o actual alcalde, A Estrada tería PXOM en seis meses, o alcalde ratificou aquelas palabras e asumiu o compromiso e van alá catro anos, dos cales dous anos estiveron vostedes convivindo cun Goberno do súa mesma cor política curiosamente. Dous anos nos que vostedes dixeron no mes de setembro do 2007, que cambiar o equipo redactor sería un suicidio, sería perder o tempo. E toman a decisión de cambiar o equipo redactor xustamente un ano despois, en setembro do ano 2008. Estiveron un ano sen facer nada no Plan Xeral, cando perden un ano entre cambio ou non cambio de equipo redactor, sacan vostedes a licitación e contratan ao equipo redactor no mes de marzo do ano 2009, estamos practicamente dous anos despois do inicio da lexislatura e é cando a vostedes lles entran as présas. A típica desculpa do mal pagador, de cando vostedes non son capaces de facer o seu traballo a tempo e pretenden agora traspasar esa responsabilidade aos demais, pero vostede é consciente dunha cousa, eu sempre o dixen e para mostra un botón, eu votei a favor do Plan Xeral eu si, no ano 2006 eu votei a favor dese PXOM e vostedes votaron en contra, os seus partidos votaron en contra do PXOM o tal plan tan maravilloso

que lles vale agora a vostedes para intentar agarrarse a el e salvar as súas responsabilidades, pero dígolles máis a vostedes non lles vale ese plan, anunciaron a bombo e platillo que se retrasaban os trámites porque estaban empezando a facer o plan de novo, mentira o PXOM da Estrada é unha modificación que deixou o PP no ano 2006 e vostedes en catro anos non foron capaces de facer absolutamente nada co PXOM ese é o grave problema. O dos 6 meses todos sabiamos que era farol, era coñecido que era un farol, valeu, coou na campaña electoral, pero era farol e sabíámolo todos, agora nós entendiamos que no prazo dun ano, como o asinaron vostedes e o recoñeceron o compromiso de goberno do BNG que nun prazo non máis alá dun ano o PXOM sería unha realidade e sería a máxima prioridade deste Goberno. E cando venceu ese ano? En setembro de 2008, hai dous anos e medio que asinaron vostedes aquel acordo. E que pasou co PXOM dende aquela? Nada, vostedes puxeron o PXOM a durmir o sono dos xustos e agora cando se lles fai de noite, moi de noite pretenden intentar enlamar o terreo de xogo, prender o ventilador e a ver se a súa responsabilidade se esparce entre os demais, e non é así, vostede sabe e eu sei que o PXOM está aprobado provisionalmente no ano 2006, vostede sabe e eu sei que por unha decisión súa persoal, vostede solicitou a paralización do trámite de exención medioambiental do PXOM no ano 2008, un decreto, un escrito asinado por vostede á Consellería e vostede díxolle á Consellería que paralizasen a solicitude de exención de sometemento ambiental do PXOM da Estrada e iso tería sido unha solución para que o PXOM non se tivese que aprobar provisionalmente e tería axilizado posiblemente a tramitación do PXOM e vostede decidiu non facelo, pero non vostede como dixo na comisión informativa da semana pasada, o Señor Dono e vostede acatou con respecto e con rigor como se debe a un tema tan transcendental e importante como se dixo na propia comisión, polo tanto señor Dono o alcalde da Estrada deu orde de non continuar coa exención medioambiental do PXOM da Estrada e iso que fai, que cambie o escenario totalmente na tramitación do PXOM que entre en vigor unha normativa nova que nos fai pasar a valoración ambiental estratéxica no 2006 e que o PXOM vostedes solicitan a paralización da exención medioambiental e polo tanto nos temos que acoller a el e no ano 2010 en abril hai exactamente un ano neste mes, aprobouse unha modificación da Lei do solo que obriga aos concellos a facer unha serie de modificacións que benefician tremendamente ao rural e vostedes néganse a facer esas modificacións porque sabe que entre o sono dos xustos que tardaron tres anos e o que tardarían en cumprir a lei, que o que se lles está pedindo a vostedes é cumprir a lei, que é curioso fagan referencia que ao expediente para o proxecto do Pérez Viondi lle faltan documentación menor para poder ser tramitado, pero vostedes teñen un dobre raseiro, o seu e o dos demais, entón cando se aplican ese tipo de raseiros diferentes, provoca que caian en diferentes contradicións, e ademais cando entra en vigor a lei o que ninguén e discute é que o PXOM da Estrada hai que aprobalo provisionalmente de novo, ninguén o discute, nin sequera vostedes é que non o poden discutir porque o teñen aprobado nunha Xunta de Goberno Local o PSOE e o BNG, nova aprobación provisoria, cando se aproba o ítem procedemental do PXOM da Estrada no ano 2008 antes de contratar o novo equipo redactor, Xunta de Goberno Local PSOE e BNG, á parte hai que facer a avaliación ambiental estratéxica a exposición ao público, a resolución das alegacións e nova aprobación provisional antes de remitir o documento á Xunta de Galicia, esas son palabras textuais do acordo que acadaron vostedes en Xunta de Goberno Local, pero vólveno recoñecer outra vez no Prego de Condicións para o equipo redactor, cando presentan as condicións, expresa e tacitamente no contrato cando poñen que o equipo redactor estará obrigado a realizar unha nova aprobación do documento antes de remitilo á Xunta para a aprobación definitiva, non o discute ninguén, non o discuten nin vostedes de portas para dentro, de portas para fóra evidentemente a imaxe que hai que dar é a contraria e como dixen antes, como non fixeron nada a solución que lles queda é esta do pataleo, o partido de tenis, pero ademais claro, fai unha frase moi simpática que eu creo que é realmente triste que é que presentan un contencioso para reactivar a situación, home que vostede sexa letrada, porque que diga que presentan un contencioso para reactivar a situación urbanística da Estrada soa a chiste e a tomadura de pelo a todos os veciños da Estrada. Vostedes van meter o PXOM nun contencioso que van tardar catro ou cinco anos en resolvelo que vai ter o urbanismo da Estrada completamente paralizado e van deixar unha heranza á seguinte Corporación da que partindo do día 22 de maio saben que non van ser capaces de aprobar un PXOM en catro anos e non é que non o vaian poder aprobar, é que non van poder aprobar, é que non van poder nin traballar nel, pois van estar pendentes dunha resolución xudicial por un capricho político de permitirse o luxo de perder 5 anos en agardar unha sentenza xudicial e non acometer as reformas que obriga a lei conforme aos criterios da consellería que tardarían doce meses en facelas, e que beneficiaría ao rural. Porque a solución que nos expoñen vostedes é se nos aproban o PXOM tal e como está exposto, vostedes recoñeceron publicamente que só se podería liberar solo no casco urbano, o rural quedaría bloqueado ao non estar adaptado á lei, isto é

recoñecemento tácito de vostedes, ou sexa que estariamos buscando unha solución temporal, pagándolle ao equipo redactor pola totalidade do traballo que debería facer e o volveriamos gastar outros catrocentos mil euros, nada máis e nada menos en contratar un novo equipo redactor que nos delimite os núcleos conforme á obriga que tiña o equipo redactor actual, contra o que ía no contrato que estaba adxudicado. Isto é a xestión, igual que no Plan E e outras moitas, é como entenden vostedes a xestión dos fondos públicos, un desastre total, e cando hai un contrato hai que cumprilo e se hai unha lei dende hai un ano en vigor, o que ten que facer o equipo redactor é poñerse a traballar. Eu recordo unha reunión que tivemos no mes de setembro aproximadamente, na que vostede informou de que era certo que non ían adaptar o PXOM á nova lei pero que o equipo redactor xa estaba traballando e nun prazo de 6 meses tería xa feitas as modificacións para conforme á lei do solo ir anticipando traballo. Onde están feitas esas modificacións?. O equipo redactor está traballando na adaptación do PXOM da Estrada á lei do solo. Non mentira vostedes están intentando gañar tempo con esta actitude totalmente inxustificable e o que están metendo é o urbanismo da Estrada aínda nunha situación máis caótica que cando a colleron es está claro que deixan unha triste herdanza envelenada ao urbanismo da Estrada e ao urbanismo do noso concello.

Sr. Reboredo Baños: Eu pouco máis vou dicir, despois da exposición brillante do voceiro do PP que fixo unha radiografía exacta de todas as circunstancias, pero o que si teño que dicir é que catro anos despois estamos bastante peor, pola falta de responsabilidade do Equipo de Goberno porque foron incapaces de en catro anos facer unhas correccións. Eran importantes esas correccións?, si pero eran correccións. Sabíase claramente cal era o feito polo que a Consellería enfocaba o PXOM da Estrada e vostede en base a todos eses ítems procedementais que explicou o compañeiro, non fixeron nada, absolutamente nada, pero é máis durante dous anos ninguén tocou o documento a corrixir, ninguén o abriu, ninguén foi ao Departamento miralo e dicir, a ver de que cor é isto, como é isto, ninguén, vostedes estiveron dándolle voltas á perdiz polo tema que di o compañeiro, pero é máis, falaban vostedes tamén na intervención anterior a concelleiras do BNG que os peritos fixeran un traballo, é que vostedes dilapidaron diñeiro público porque fíxense, rescíndelle un contrato a un equipo redactor que ten cobrados os seus traballos ata a aprobación provisional, pendentes creo que era de 70.000 € ata a aprobación definitiva, é dicir, que ata que fíxese as correccións que fíxese a Consellería non ía cobrar os setenta e dous mil euros. Vostedes rescindiron ese contrato, indemnizaron e logo contrataron un equipo redactor novo por catrocentos e pico mil euros, e resulta que dentro dos traballos que tiña que realizar o equipo redactor Visier, vostedes déronlle unha pega máis, non se preocupen vostedes, nós imos contratarlles con fondos municipais cinco peritos que fagan o traballo de campo que teñen que facer vostedes e isto custounos a todos os veciños 180.000 € que ingresou o Sr. Visier por non facer o traballo, ou sexa un auténtico disparate, pero á parte de todo iso que xa o coñecen todos os veciños da Estrada e supoño que será o tema principal da campaña na que vostedes van participar todos, vai dar moito xogo supoño, os veciños van ter claro onde estaba cada un onde está e onde deixa de estar. Pero teñan vostedes claro que votaron en contra do PXOM que presentou o PP para aprobación provisional neste Pleno, votaron en contra todos e agora vostedes fanse fortes porque hai unha aprobación provisional, na que vostedes non participaron, que quede claro, vostedes non participaron, vostedes opuxéronse ao PXOM xa sabemos con que intereses porque foron públicos, xa o dixemos máis dunha vez, así A Estrada estea vinte anos sen plan, tombamos o plan; non me estou dirixindo a vostede señora concelleira, estou falando de forma xeral. Pero claro despois vemos que cando nós queriamos como grupo político que queriamos achegar o noso grauciño de area, se podiamos achegar, se tiñamos algunha ocorrencia como lles chaman vostedes. Se nos ocorría algo, nós queriamos participar e vostedes dicían, non o PXOM aquí de consenso nada, a Xunta ten claro cal ten que ser o plan que hai que aprobar e nós imos seguir a pés puntillas os pasos que diga a consellería, o que lle serva á consellería dicían vostedes. Claro, cando logo despois vostedes lles xorde o problema que hai unha modificación la lei da que vostedes non son capaces chegar antes coa aprobación definitiva, atópanse cun gran problema, e entón din agora non, agora xa non imos co que di a consellería que está tola, toleou e entón todo o que di a consellería non vale para nada. Polo tanto, como xa dixemos no seu día no debate do Pleno cando foi remitido, eu non vou ser obstáculo, porque tamén sei o traballo que custa traballar un PXOM e o importante que é para os veciños pero tampouco lles podo dar un voto favorable porque está claro que o camiño polo que vostedes nos levan é un camiño de sobra, penumbra e non nos leva a ningún lado. Aínda que a xustiza lles dea a razón A Estrada estará cinco anos bloqueada, perfecto, gañan a batalla, ¿pero o pobo?, entón que hai que poñer enriba da mesa, hai que poñer o sentido común ao que vostede apela señora concelleira, eu voules facer a frase ao revés, mire apelo tamén ao sentido común do Grupo de Goberno a que non inicie un

contencioso administrativo coa Administración autonómica, que se poña a corrixir o documento, que xa o podía ter corrixido pois dende que lles anunciaron xa na consellería que tiñan que seguir ese paso, xa vai alá un ano, se vostedes lles fixesen caso xa o poderían ter corrixido. Polo tano o sentido común, que creo que está neste lado da bancada e eu pídolle que se sumen vostedes ao sentido común e non prexudiquen máis aos veciños da Estrada.

Sra. Aguiar Lale, do PSdeG – PSOE: Vou se moi breve. Sr. López eu non sabía que viña a este Concello en calidade de avogado, entón non teño que facer unha defensa xurídica máis alá do meu papel como concelleira, iso o primeiro punto. No expediente eu baséome nos informes dos técnicos municipais que son os que teñen a competencia para informar ao respecto das tramitacións ou das cuestións que leve implícitas o documento. Entón dito isto que como se fixo referencia ao meu papel de letrada, aínda que como se dixo aquí concordo absolutamente con todos os criterios mantidos polos técnicos municipais en canto a que a tramitación que se lle deu ao PXOM é a correcta en todo momento. Nese senso no meu papel de concelleira cada actuación – vostede intentou reproducir as palabras que eu lle manifestei a unha pregunta súa na comisión e non foron de todo punto exactas – constan na acta pero dá igual eu o que dixeran é que todas as decisións foran consensuadas polo Grupo de Goberno porque eu non tiven en ningún momento esa facultade nin considereirei que debese tomar ningunha decisión unilateral nun feito tan transcendental como este para todos os veciños, que non para o Goberno. Eu o que vexo como resumo de todo isto é que se fala da feira segundo lle vai a cada un porque claro os veciños teñen que estar bastante fartos de todos os grupos que integramos esta Corporación Municipal, porque se estamos dun lado é porque vostedes votaron en contra do Plan no 2006, pero despois dise que é porque o PXOM que se trouxo aquí a aprobación é o mesmo, entón se é o mesmo do 2006 se lle reprochan a este Grupo composto polo PSOE e o BNG que lles votasen en contra, pero porque vostedes non votan a favor se era o seu documento, é peor, ben, si facendo un PXOM para 150.000 habitantes é moito mellor se conseguíssemos chegar a eles, evidentemente. Dito isto, tampouco dixemos nós en ningún momento que estivésemos a tramitar un novo PXOM sempre se dixo coa Orde do 5 de marzo de 2006 que estabamos a corrixir segundo as directrices que a propia consellería mandaba, Sr. López, non lle quero recordar porque sobre ese tema si falamos persoalmente o Sr. Reboredo e eu recordarao nunha comisión informativa que unha das comisións famosas que a Xunta saca da manga para volver a dicirnos que non temos aprobación provisional ocorréuselles nunha desa a brillante idea que estabamos ante a tramitación dun novo PXOM porque así estabamos a comunicalo polo compañeiro de Corporación entón coas competencias en urbanismo; el mesmo declarou na propia comisión, non estou dicindo que isto sexa así Sr. Reboredo porque xa vexo que lle dá á cabeza, xa vostede aclarou na comisión que non era esa a intención do escrito. Estou falando da interpretación da consellería non estou falando de que esa sexa a interpretación que tivo vostede de comunicalo así. Se sacamos da manga documentos unilaterais, como me dicía o Sr. López que o gran erro foi cando eu de xeito unilateral desistín da tramitación da exención medioambiental, pois quero matizarlle, Sr. Reboredo cando tivo as súas competencias e así o recoñeceu aquí nalgún Pleno como nas comisións el mesmo mantivo reunións en Medio Ambiente para tramitar esa exención e demais. El mesmo dixo que lle dixeran abertamente que iso era inviable, etc. Pois agora resulta que iso que tamén se lle ocorreu ao Sr. Reboredo que era válido, como se nos ocorre a nós xa non é tan válido. Pois nós tiñamos que intentar tamén esa exención, despois de estar reunidos co secretario xeral de Avaliación Ambiental, unha vez máis despois de tentalo por todos os medios díxonos que non era viable e que a mesma seguridade xurídica ía ter o documento tramitando o ISA como tendo que adaptar despois cada PXOM que se desenvolvese unha vez adaptado o PXOM e optamos por iso e evidentemente Sr. López aínda que vostede queira transformar iso nunha decisión unilateral desta concelleira teño que informarlle que foi unha decisión do Grupo de Goberno, ¿que está asinada por min? Pois evidentemente pois ao igual que o Sr. Reboredo cando tivo competencias ou outros anteriores pois os compañeiros temos competencias delegadas e asinamos comunicacións e oficios o que non quere dicir que sexa unha decisión unilateral e tamén falan de que nós mesmos estamos incorrendo en contradicións porque falamos tanto nos pregos como nos documentos da Xunta de Goberno dos pasos a seguir para a aprobación do documento do PXOM dunha nova aprobación provisional, pois é verdade o que poñen os documentos é o que é, pero hai unha matización cando se fala dunha nova aprobación provisional é porque hai unha aprobación provisional feita que é a de novembro de 2006, entón nas conversas que tivemos na consellería en todo momento se nos dixo e así o recolle a lei. Na lei en ningún momento se fala de dúas, cinco, vinte aprobacións provisionais, pon aprobación provisional e a partires de aí tomar razón de todos os documentos todas as veces que sexa preciso. Vostede aquí como ben dixo como letrado

como non sei que non sei canto, pois eu teño que dicirle que vostede como banqueiro tamén coñecerá os seus límites nas interpretacións das leis, digo eu que polo menos ha humildade hai un mérito, entón na lei di o que di, aprobación provisional, que é o que dixo o técnico que levaba o noso caso cando o viu; sorprendentemente cando empezaron a gobernar vostedes ese técnico desapareceu, sería que era máis xusto e máis ecuánime, sorprendentemente; pois el mesmo nos dixo non lle poden poñer o título de aprobación provisional segunda porque iso non existe na lei, chámenlle toma de razón, nova aprobación provisional se queren chamarlle por un termo semellante pero en todo caso estamos entrando nunha discusión bizantina que non nos conduce a nada, nós a tramitación entendemos que é a correcta, como así o abalan os técnicos e faime persoalmente moita graza que vostede faga referencia ao expediente do Pérez Viondi porque despois é moi fácil vender fume en canto a que a Consellería xa ten aquí presentado o proxecto e que lles estamos pedindo cousas, cousas incoherentes, pero é que me gustaría ter aquí nas miñas mans o documento no que por dúas veces Sres. López e Reboredo no que a Consellería de Educación, os técnicos asinantes nos din que o que lles estamos pedindo non procede porque é unha documentación preceptiva en base ao decreto en vigor neste momento, o 207 pero que dado que hai unha sentenza que anulou esas normas transitorias, que a normativa de aplicación para o noso concello ás Normas do 78 entón a ver como me pode explicar vostedes outros, porque as normas valen para uns pero non valen para outros. De repente que estamos, coas Normas do 78? É que entón eu xa non entendo nada sinceramente, co cal evidentemente o Goberno tomou esta decisión de interpoñer este contencioso que entendemos que nos avala a Xustiza e máis a social que é de unha vez por todas facer entrar en razón á Consellería porque non podemos prestarnos a un xogo suxo que o que pretende ter o Goberno do PP na Xunta contra este Concello da Estrada e prexudica a todos os veciños.

Sr. López Campos do PP: Alégrome que aclarase dous aspectos importantes que eu creo transcendentales na tramitación. O primeiro é que por primeira vez e pouco a pouco, co paso de tempo se van descubriendo sós, reconece a existencia deses escritos onde vostedes afirman que hai que facer unha nova aprobación provisional, feito non menor, reconeceu vostede publicamente hoxe que hai que facer unha nova aprobación provisional feito que levan negando dende hai catro anos, lévano negando, e hai que facer unha nova aprobación provisional na que teñen que aprobar a avaliación ambiental estratéxica, está aquí a secretaria e pódoo corroborar, vostede dixo textualmente que concorda vostede con todos e cada un das exposicións que emiten os técnicos municipais nos seus informes, concorda vostede, pois respecte vostede o informe que lle encargou este partido á secretaria onde di que non existe silencio administrativo, por exemplo, e que a tramitación ambiental como comprenderá vostede é unha tramitación importante na tramitación do PXOM, ese é un claro exemplo de como entenden vostedes a interpretación dos procesos, seguen de forma irresponsable e incrivelmente seguen argumentando que existe silencio administrativo coa avaliación ambiental estratéxica, por exemplo, cando teñen un informe da secretaria municipal que rebate completamente ese aspecto e di que non existe silencio administrativo, e vostedes seguen xustificando que existe un silencio administrativo positivo. Miren vostedes o que concordan e acatan dos informes dos técnicos municipais, nada, cando lles interesa e vostedes seguen empecinados en dicir que o PXOM está completo e todos os trámites rematados. Mire, vostede dime que intentou que despois de que o Sr. Reboredo e a min me consta que o anterior concelleiro de urbanismo intentara a exención medioambiental e era un camiño que non tiña moito percorrido, vostede de feito de forma tozuda intentouno de novo, cando tomou posesión no mes de xuño de 2007 e asinou o escrito para solicitar a exención medioambiental señora concelleira, sábeo vostede? Non, pois voulle dicir eu en setembro de 2008, esa é a xestión e axilidade que teñen vostedes e que foi o que pasou durante eses 16 meses?, moi sinxelo, o Goberno tomou dúas decisións se cambiar ou non cambiar o equipo redactor e se solicitar ou non solicitar a avaliación medioambiental, 16 meses para tomar esas dúas decisións que se toman nunha tarde, 16 meses para tomar dúas decisións que marcaron profundamente o desenvolvemento do PXOM esa é a súa xestión e o que vostedes poden defender e está claro que é o único argumento que lles queda agora é intentar defenderse ante algo que realmente é inxustificable, vostedes cansáronse de repetir publicamente, é certo que non é o mellor PXOM pero imos aprobar o PXOM que queira a Xunta de Galicia; onde está aquela predisposición a colaborar co órgano que toma a decisión última da aprobación do PXOM? Onde está eses desmarque que tiveron vostedes hai un ano na reunión que tiveron na Secretaría Xeral de Urbanismo cando se aprobou a entrada en vigor da nova lei do solo?. Creo que vostede que vostede se refira á Cidade do Moble, soa a chirigota, porque eu tráello aquí cinco recortes de medios de comunicación onde o Alcalde da Estrada dicía que mentres que non se aprobe o PXOM a Cidade do Moble non vai poder continuar coa súa

tramitación, tráíolle cinco, o PXOM está sen aprobar e a Cidade do Mobile está aprobado no Consello da Xunta, esa é a seriedade e a realidade de como se xoga coas cousas e como se minte reiterada e constantemente e están vostedes instalados nunha mentira na que esa espiral lles atrae e xa non son capaces de poder saír e para colmo de todos colmos está a traca final e se ao Alcalde da Estrada a única concelleira que non vai na súa lista nas próximas eleccións municipais, a única que forma parte do seu equipo é vostede e se o concepto que ten de vostede no seu traballo é non contar con vostede no seu equipo para as próximas eleccións, que podemos pensar do traballo que fixo vostede do seu traballo no seu departamento, é lóxico e razoable, o resto repiten todos e a única que non conta con ela e a única persoa que deixa fóra do seu proxecto é a concelleira de urbanismo, creo que é bastante clarificador do traballo que fixo vostede durante catro anos e bastante clarificador da sensación ou da imaxe que ten o Alcalde que é o que conforma as listas, o candidato do PSOE sobre o seu traballo e tendo en conta esa valoración que pretenda que opinemos nós, se o traballo é pago así, que será o traballo que fixo e polo tanto se esa é a realidade é que o que lles queda a vostedes é intentar alongar esta agonía, eu estou convencido de que vostedes non van ter a valentía de presentar ese contencioso administrativo, estou plenamente convencido, pois sería a barbaridade máis grande que se cometeu no Concello da Estrada nos seus anos de democracia, estou convencido que non o farán, xogan outra vez a farol, levan xogando a farol nesta partida co PXOM e cando un mente normalmente acaba perdendo unha man, pero se mente sempre acaba perdendo o chico e vostedes perderon o chico, perderon o tempo e fixéronlles perder o tempo e os cartos a todos os estradenses pola súa negligencia e pola súa capacidade de xestionar o PXOM.

Sr. Reboredo Baños dos Non Adscritos: Simplemente dous ou tres apuntamentos, mire na referencia que facía vostede a que se votamos a favor na aprobación provisional e porque agora sendo o mesmo Plan non votamos a favor, xa llo expliquei na comisión pero voullo explicar outra vez, porque este PXOM é peor, voulle explicar unha cousa que xa lle expliquei, ningún concello de Galicia obtivo o seu PXOM á primeira vez que a enviou, porque evidentemente un concello á hora de redactar un PXOM pon en marcha uns criterios e trata de ser o máis xeneroso posible para ver ata onde dá chegado, entón evidentemente saíu un PXOM para 150.000 habitantes, por ser xenerosos, era a primeira vez; pasoulle a Santiago, pasoulle a Vigo a Teo a Vedra a todo mundo, que pasa que vostedes cando tiveron a posibilidade porque así llo deu a cidadanía de traballar no documento vostedes empezaron e o primeiro que trataron de facer foi rachar cos poucos ou moitos acordos que había de consenso da Corporación anterior, eran aqueles elementos que foron froito de moitas reunións, moitos acordos vostedes rachou todo, por exemplo o dos Xardíns Municipais, que era antes o Concello segundo vostedes estaba nunha situación ruinosa hipotecada para os próximos 30 anos e chegan vostedes e no primeiro informe da Alcaldía ao PXOM din que o Concello da Estrada goza de boa saúde económica, é dicir outra mentira máis daquelas difamacións. Entón atópanse que son incapaces de presentalo en tempo e forma, pero tamén cun criterio que é outro máis pero que si é contrario aos informes da Consellería vostedes renuncian ao patrimonio municipal por parte do Concello e entréganllo a catro familias, iso está aí e sábeo todo mundo e son os grandes motivos polos que eu por exemplo non vou votar a favor deste PXOM pero tampouco quero ser un obstáculo teñen a maioría e úsana, eu non teño forzas para tiralo abaixo, vostedes si tiñan porque naquel momento cando o PXOM da Estrada se votou aquí nesta Corporación e soamente votou a favor o PP vostedes estaban gobernando na Xunta de Galicia e iso si foi importante, foi unha puñada trapeira que alguén dende A Estrada lle cravou ao PXOM, pero logo tamén produto de máis mentiras, non trate vostede de volver a solicitar a exención municipal porque non hai posibilidade pero vostedes erre que erre, botaron con iso 16 meses. E logo despois outra mentira máis, eu recordo, eu son culpable de todo o que pasou na Estrada e eu asumo os feitos como sucederon, pero é curioso que vostedes hai pouco tempo cando lles veu a primeira comunicación negativa da Xunta que se baseaba nunha interpretación que facían ao documento que eu enviara vostedes foron aos medios de comunicación dicindo que eu tomara e que fora un insensato e que tomara unha decisión persoal sen pasar por ningún órgano de goberno e agora claro como a vostedes lles descubrimos que tamén dentro das súas competencias delegadas asinou un escrito que lles redactou o técnico de acordo cos criterios do equipo redactor e do grupo de Goberno de solicitar tal documento, agora vostedes din non, nós tamén dicíamos o contrario, pero é o que dicían os medios de comunicación. É así Sra. Irene, teremos que volver ás hemerotecas. Entón claro a situación é a que é e vostedes teñen que asumir a súa responsabilidade e eu coincido co compañeiro, fagan vostedes o que queiran pero o paso que van dar no recurso contencioso é un suicidio para vostedes e para o pobo da Estrada.

Sra. López Doce, do BNG: Eu non vou reiterar xa os argumentos perfectamente expostos pola concelleira de urbanismo e que ademais constan na acta que vimos de aprobar no primeiro punto da orde do día porque son as que se deron xa no Pleno anterior e aí está xa por escrito e non vou incidir, en todo caso Sr. López por moito que se repite unha mentira non se converte en verdade. Isto é así, aí están os documentos, aí está a resolución denegando a aprobación do PXOM e aí está a carta da secretaria xeral para contrastar, non vou dicir nada máis, xa o comentou a concelleira de urbanismo, o que si me xorden neste Pleno unhas preguntas, eu non sei se a prensa segue aí ou xa se foi, porque paréceme que a pregunta que dende o BNG nos faciamos que pasa co PXOM se resolveu neste Pleno Sr. López é curioso que A Estrada, esa pelota de tenis que falabamos antes como vivimos nun Estado democrático e de dereito e a Administración tamén está suxeita ás leis, por iso esa pelota para no recurso contencioso, porque a Administración ten que actuar conforme á Lei non aos intereses nin do PP nin persoais de ninguén entón acábase de revelar neste Pleno que agora á parte de denegar ilegalmente a aprobación do PXOM da Estrada dende a Consellería se insta a que no Concello se aplique as Normas Subsidiarias de Planeamento Provincial do ano 1978 que previamente foron suspendidas pola Consellería a petición unánime de todos os membros da Corporación. Quere isto dicir que van recuperar o proxecto de edificación dos xardíns polo cal o Sr. Reboredo ascendeu á Concellería de Urbanismo despois de dimitir Uzal?, quere dicir que o edificio da Biblioteca o vello instituto de ensino medio anterior a 1940 que nestes momentos está protexido a súa aspiración é a que deixe de ter protección para que un promotor que vostede di que vai na súa lista actúe nel, ou os medios de comunicación din que vai na súa candidatura. Mire para finalizar eu son preguntas que lle deixo á prensa cos datos que se deron neste Pleno e son duras de carai mire unha cousa eu non vou seguir sendo membro desta Corporación pero se fose o caso que non o vai ser porque estamos en abril e pobo é quen máis ordena e ordenará en maio e ordenará ben, e vostede non vai ter ocasión de gobernar, pero se fose o caso de que vostedes volven gobernar algún día neste Concello e volven cometer as ilegalidades que cometeron eu volverei estar detrás das columnas para mirar para vostedes.

Sr. López Campos do PP: Eu quero facer referencia para que fale vostede coa súa compañeira de Corporación cando fale das Normas Transitorias, eu non me referín nunca ás Normas Transitorias do 78, en ningún caso falta a primeira vez que eu mencionase as Normas do 78, fale vostede e arranxe vostede o seu cacao que ten na cabeza, porque me está atribuíndo cousas que eu non dixen e polo tanto sexa vostede un rigorosa e fale vostede con rigor por favor. En segundo aspecto, creo que é conveniente saber que aquí o único que ten a responsabilidade do que pase nos próximos meses ou do que pasou nestes últimos anos en materia de urbanismo son vostedes, non busque onde non hai, non mire detrás das columnas Sra. López Doce non mire detrás das columnas que non vai haber ninguén, estaba vostede e teñen motivos para estar onde estaba vostede pero do outro lado das columnas, teñen motivos o que pasa é que hai categorías en política e hai categorías de políticos. Pero o que quero dicirlles é que aquí hai responsabilidades e que por moito que se aireen e que se cabreen por moito que intenten xustificar o inxustificable, a realidade anteponse ante vostedes todos os días, catro anos cos seus 365 días que fixeron vostedes co PXOM da Estrada.

Sr. Alcalde: Sr. López non repita, eu dáballe 30 segundos para contestarlle á voceira do BNG pero non repita os mesmos argumentos porque é innecesario.

Sr. López Campos do PP: As miñas argumentacións fágoas eu non as terei que facelas como a vostede lle gustan. É un tema suficientemente imporante e polo tanto remato xa, pero despois analice vostede o PXOM e diga vostede, é curioso que hoxe non estea aquí un colectivo moi representativo ao que seguramente vostedes lles pediron que non viñesen para non identificarse co seu proxecto político, é moi curioso pero miren vostedes o PXOM e miren quen son os únicos beneficiados no PXOM da Estrada, os únicos e como desapareceron do mapa urbanístico da Estrada dende o momento que deron entrada a certo tipo de negociacións que eles impuxeron. E vostedes están dando acubillo a ese tipo de actuacións e evidentemente nós non, esa é a diferenza.

Sr. Reboredo dos Non adscritos: Simplemente, a Normativa Transitoria solicitada por todos os grupos políticos aprobada polo bipartito da Xunta de Galicia, sentenza desfavorable e polo tanto recorrida polo tanto a ineptitude está no goberno bipartito que elaborou unha normativa transitoria que nos enviou e redactou unha normativa transitoria que nola impuxo aquí a petición nosa. Pero outra cousa, e se volvemos ás Normas do 78, que é posible que volvamos, sabe porque temos que volver? Polas súas negligencias do Grupo de Goberno, porque se houbesen corrixido o PXOM que tiñan que corrixir nestes tres

anos e medio ou catro anos cando viñese a resolución a ese recurso A Estrada tería un PXOM en vigor e polo tanto non iría á Normativa do 78 iría a un PXOM xa redactado, polo tanto aplíquense o conto, son vostedes culpables se volvemos ás Normas do 78 ninguén máis.

Sra. Aguiar Lale do PSOE: Como todos somos escravos de todo o que dicimos en cada momento, só quero pechar a miña intervención para recordarlle unha frase súa Sr. López e é que o PXOM que hai que aprobar é o que lle valga aos veciños non á Xunta, gustaríame que lles explicase aos veciños ese cambio de criterio. Eu sempre mantiven o mesmo criterio, ata que a Xunta deixou de ter un criterio legal para pasar a ter un criterio interpretativo e para pechar esta vez si xa, que como vostede moi ben falou de categorías de políticos, hai categorías de políticos pero tamén de persoas e por encima dos políticos que estamos agora aquí e que podemos integrar hoxe en día a Corporación están as persoas e o tempo poñerá a todo mundo no seu sitio.

Sr. Alcalde: Están claras todas as posturas, non se aclarou absolutamente nada no debate aínda que foi longo non mellorarmos nada non avanzamos nada na clarificación das posturas, o Goberno ten absolutamente clara cal é a súa posición, defensa dos intereses xerais do Concello e polo tanto asumiremos a nosa proposta e acudiremos aos tribunais polo que non podemos solucionar administrativamente, así que imos pasar á votación do ditame da comisión informativa. ¿ Votos a favor do ditame?, ¿ votos en contra?, ¿ abstencións?, polo tanto apróbase por maioría absoluta.

Sometido o asunto a votación, resultan once votos a favor (PSdeG – PSOE: Sres/as Dono López, Otero Espiño, Sanmartín Obelleiro, Maceiras Vicente, Aguiar Lale, Asorey Brea, Magariños Cobas, González Rodríguez e Louzao Vieites) e (BNG: Sras/es López Doce e Castro Blanco) e oito abstencións (PP: Sres/as López Campos, Maceira Besteiro, García Villar, Maïssa Rodrigo, Goldar Soto, Vicente Vicente e Loureiro Méndez) e non adscrito: Sr. Reboredo Baños) polo que se aproba este punto por maioría.

B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL.

7º.- DACIÓN DE CONTAS DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO MES DE FEBREIRO DE 2011. Polo Alcalde- Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 37 e 136 correspondentes ao mes de febreiro de 2011.

O Concello queda sabedor.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sra. Goldar Soto do PP.- Ben, grazas. Moi brevemente, primeiro como se fai referencia quedan dous telediarios, colector para Campos, este pleniño e outro e eu creo que os veciños llo agradecerían e eu persoalmente, sería unha obra de caridade xa pola insistencia, faga as xestión que poida e a ver se nos despedimos todos. Este é un rogo. A pregunta xa sei a resposta. Ben e soamente outra pregunta, este si que é un rogo. Nun dos decretos chamounos bastante a atención nun dos importes, como non temos maneira de saber cal é o desglose dese importe, solicitamos e rogamus que se faga un desglose nominativo e por horas diarias realizadas para chegar á contía que consta de gratificacións extraordinarias por importe de 41.163 euros no Decreto 103/2011.

Sr. Alcalde.- Ben mirarei iso.

Sra. Loureiro Méndez do PP.- Boas noites, eu só era para preguntar que na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo nos puntos 21 e 22, falta o grao de minusvalía que teñen os solicitantes da exención no imposto de vehículos, o mesmo pasa na Xunta de Goberno Local do 22 de marzo no punto 22, supoño que iso será un erro.

Sr. Alcalde.- Eu non sei cal é o problema, mirarémolo.

Sra. Loureiro Méndez do PP.- As valoracións veñen aquí, entón nestes tres non aparecen e por iso pregunto eu, pode ser un erro.

Sr. Alcalde.- Habitualmente estas cuestións veñen informadas por Intervención e supoño que na transcripción da acta ao mellor puido omitirse iso, non creo que haxa outro motivo.

Non habendo máis intervencións, e ao non efectuarse intervención ningunha por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e tres horas.

A Estrada, 7 de abril de 2011
A secretaria.

Asdo.: Marta Cajide Barbeito